

ORDENANZA FISCAL Nº 20 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS, ENTULLOS, VALADOS, GRÚAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

NATUREZA, FUNDAMENTO E FEITO IMPOÑIBLE

ARTIGO 1

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos do 15 ó 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por **OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS, ENTULLOS, VALADOS, GRÚAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS**, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, atendendo as súas normas ó previsto no artigo 57 da citada Lei 2/2004.

SUXEITOS PASIVOS

ARTIGO 2

Son suxeitos pasivos da taxa regulada nesta Ordenanza Fiscal as persoas ou entidades ás que se lles outorguen as licencias de obras como promotores das mesmas ou quen se beneficie dos aproveitamentos se se efectuaron sen autorización e independentemente de quen, no seu caso, as solicitara.

RESPONSABLES

ARTIGO 3

Serán responsables solidarios das obrigacións tributarias dos suxeitos pasivos, as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os arts. 41 e 42 da Lei Xeral Tributaria.

Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei Xeral Tributaria.

CATEGORÍAS DAS RÚAS OU POLÍGONOS

ARTIGO 4

Os efectos de aplicación desta Taxa, será válida a clasificación de rúas e polígonos establecida no Anexo 2, da Ordenanza Xeral.

CONTÍA

ARTIGO 5

A estrutura e contía desta Taxa será a que figura na seguinte:

T A R I F A

1.- OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON ANDAMIOS, VALADO DE CERRE PARA CALQUERA CLASE DE OBRA, CON CASETAS DE OBRA OU SIMILARES:

- Devengarán por cada m² de ocupación (ó mes natural ou fracción):

	€
1.1. En rúas de 1ª.	1,26
1.2. En rúas de 2ª e travesías	1,18
1.3. En rúas de 3ª e travesías	1,17
1.4. En Carril e Vilaxoán	1,17

- Mínimo 30,00 €/mes.
- As superficies das casetas de obra e similares instaladas dentro de valados de cerre para calquera clase de obra serán deducidas do total da superficie de éstas.
- Ás ocupacións sen solicitude aplicarase un recargo do 25% sobre as tarifas durante o tempo que dure a ocupación (aínda que a solicitude se efectúe con posterioridade á ocupación)

2.- OCUPACIÓN CON ANDAMIOS VOADOS:

- Por cada metro cadrado de fachada ocupada (ó mes ou fracción):

	€
2.1. En rúas de 1ª.	0,57
2.2. En rúas de 2ª	0,48
2.3. En rúas de 3ª	0,46
2.4. En Carril e Vilaxoán	0,46

- Mínimo 20,00 €/mes.
- Os andamios de obras que coincidan enriba de valados para obras, cando estas estean suxeitas ó arbitrio desta Ordenanza, non satisfarán as taxas deste apartado.

- Ás ocupacións sen solicitude aplicarase un recargo do 25% sobre as tarifas durante o tempo que dure a ocupación (aínda que a solicitude se efectúe con posterioridade á ocupación)

3.- OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MATERIAIS PARA OBRAS OU PARA A SÚA CARGA E DESCARGA:

3.1.- OCUPACIÓN CON SOLICITUDE DOS INTERESADOS:

- a) Cota fixa.....10,00 €
- b) Por cada m² de vía pública que se ocupe previa sinalización polas autoridades municipais.....0,44 €/día

3.2.- CANDO AS SOLICITUDES NON SE AXUSTEN Ó SOLICITADO:

- a) Cota fixa.....10,00 €
- b) A cada m² de vía pública ocupada en exceso se lle aplicará un recargo do 50% sobre a tarifa establecida no punto 3.1.b).

3.3.- OCUPACIÓN SEN SOLICITUDE:

- a) Cota fixa.....15,00 €
- b) A cada m² de vía pública ocupada se lle aplicará un recargo do 100% sobre a tarifa establecida no punto 3.1.b).

4.- OCUPACIÓN E VOO SOBRE A VÍA PÚBLICA DE GRÚAS E PLUMAS:

	€
4.1. As instaladas dentro das obras, con voo sobre a vía pública, por cada aparato ó mes ou fracción	27,19
4.2. As instaladas na vía pública, por cada unha ó mes, ou fracción	81,55
4.3. Na calzada	135,90

- Ás ocupacións sen solicitude aplicarase un recargo do 25% sobre as tarifas durante o tempo que dure a ocupación (aínda que a solicitude se efectúe con posterioridade á ocupación)

5.- SUPOSTOS DE NON SUXEIÇÃO:

Non estará suxeita á taxa regulada nesta Ordenanza os supostos de ocupacións ou voo de terreos que, conforme á normativa urbanística correspondente, deban ser cedidos polos seus propietarios de forma gratuíta ó Concello.

NORMAS DE XESTIÓN

ARTIGO 6

1. Cando con o casión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, se producisen desperfectos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares das licencias ou obrigados ó pago quedarán suxeitos ó reintegro total dos gastos de reconstrucción e reparación destes desperfectos ou repara-los danos causados, que serán en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.

2. As cantidades esixibles de acordo á tarifa liquidaranse por cada aproveitamento solicitado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

3. As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licencia.

En defecto de solicitude a facturación da ocupación efectuarase dende a data da concesión de licenza de obra e, no seu defecto, dende a data que conste como inicio das obras (certificado expedido polo Técnico Director das mesmas ou informe do Servizo de Inspección).

4. Se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa.

5. A presentación da baixa surtirá efectos a partires do día primeiro do período natural de tempo seguinte sinalado no epígrafe da Tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contra, a non presentación da baixa, determinará a obrigación de continuar aboando a Taxa.

DEVENGO

ARTIGO 7

1. O devengo da Taxa regulada nesta Ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicitar a correspondente licencia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada período sinalado no epígrafe ou, no seu caso, no que sinale a Alcaldía-Presidencia.

2. O pago da Taxa realizarase:

a) Tratándose de autorizacións de novos aproveitamentos ou de aproveitamentos con duración limitada por ingreso directo na Tesourería Municipal, ou onde establecece a Alcaldía-Presidencia, mais sempre antes de retirar-la licencia ou a denominación que corresponda.

b) Tratándose de autorizacións xa concedidas e sen duración limitada, unha vez incluídas nos correspondentes Padróns ou Matrículas desta Taxa, nos períodos que se sinalen nos correspondentes epígrafes da Taxa, ou no seu caso, nos períodos e lugares que se sinalen pola Alcaldía-Presidencia.

ENTRADA EN VIGOR

O presente acordo foi aprobado polo Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 19 de decembro de 2007 e entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

Fechas anteriores modificacións:

PUBLICADO BOP (establecemento taxa): 17/12/1998
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2000
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 30/12/2002
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 29/12/2003
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2004
PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 28/12/2005

Fecha modificación actual:

PUBLICADO BOP (modificación tarifas): 27/12/2007